

A ROSEIRA DAS LETRAS

A primavera avanza os seus pasos preñados de luz sobre o pequeno campeiro que se deita fronte á casa. O andar luminoso ralentízase ao lamber a pel cromática do xardín que a Catuxa coida co aloumiño curioso das súas nonaxenarias mans. Mais ese espazo de colorido vexetal, que semella un cadro de Gustav Klimt, agocha un segredo que ninguén coñece agás a súa coidadora, o cal se fai visible cada dezasete de maio. Nun recuncho do lenzo vexetal medra unha roseira que dá rosas de pétalos amarelos. Aínda que na devandita data de maio abrolla da planta unha rosa cos pétalos que simulan minúsculas follas de papel e nas que se reproduce unha secuencia de letras que forman un breve texto literario.

Os pés da Catuxa parecen bailar camiño do xardín. Unha raiola escribe unha caricia cálida no seu rostro. Achégase á roseira máxica e diante dela pecha os ollos, coma se pregase un desexo. Ao abrilos a roseira refulxe nunha intensidade amarela, e unha das rosas adquire tonalidade de papel en cuxas follas se imprimen letras *Anque veño da seitura, anque veñ...*

As mans nonaxenarias baten os dedos como pandeireta. A Catuxa rememora o seu pasado de cantareira.